

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL REGULAMENTARIA: ORDENANZA REGULADORA DAS FEIRAS E MERCADOS TRADICIONAIS DE CARBALLO E DA VENDA AMBULANTE. APROBACIÓN.

1.- Visto o texto do proxecto de aprobación da Ordenanza reguladora das feiras e mercados tradicionais de Carballo e da venda ambulante, procede acordar o inicio do expediente de aprobación da Ordenanza e da exposición previa da mesma.

En virtude do sinalado no artigo 133.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AA.PP., con carácter previo á aprobación do regulamenteo, deberase publicar o texto da normativa proposta no portal web do Concello, a efectos de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan se realizar.

Por tal motivo, polo medio da presente providencia, ordéase a inserción do Texto do anteproxecto na web municipal e tamén no portal de transparencia do Concello de Carballo, e a súa exposición pública aos efectos do previsto no art. 133 da Lei 39/2015, por un prazo de DEZ DÍAS NATURAIS, durante os cales os interesados poderán examinar o borrador do anteproxecto, e remitir cantas aportacións ou suxerencias estimen oportunas. As mesmas deberán ser remitidas por medio de correo electrónico ao enderezo electrónico infocarballo@carballo.gal.

Rematado o prazo de exposición pública, as aportacións e suxerencias recibidas incorporaránse ao expediente para continuar a súa tramitación conforme ás previsións contidas no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe